



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C.P.I. PLURILINGÜE de FONTE DÍAZ  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel.: 881867840 Fax: 881867847.  
E-mail: [cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es](mailto:cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es)  
Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz>

## ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2018. CONVOCATORIA REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS E TITORES LEGAIS

De acordo coa **RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG de 8 de outubro de 2018)**, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar, o outro pai/nai será o representante da ANPA. O terceiro representante de pais en nais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, desde o día 6 de novembro ata as 14:00 horas do día **13 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas desde o día 6 de novembro ata as 14:00 horas día 13 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, ás 13:30 horas do día 14 de novembro. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e **catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade**.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 20 ao 24 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 26 de novembro, en horario que se anunciará a partir do día 14**.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
C.P.I. "FONTE DÍAZ"  
TOURO (A Coruña)  
05 NOV. 2018  
ENTRADA | SAÍDA  
Nº 185 / 105

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Daniel Pereiro López

Touro, 5 de novembro de 2018